

## Nova APP ColeChef: Unha comunicación áxil e eficaz coas familias

Estimadas familias,

Desde **ARUME** estamos encantados de compartir con vós a nosa **APP ColeChef**, que poñemos á vosa disposición coa intención de que o **vindeiro curso** sexa completamente operativa para facilitar as 24h toda a información e a xestión diaria e personalizada das vosas fillas e fillos no comedor (menús, facturación, contratación,...)

### **-Pasos para darse de alta:**

A nosa nova APP adáptase a todo tipo de tabletas e de teléfonos móbiles (smartphones), baseados en tecnoloxía Android e iOS. Só hai que buscar “**COLECHEF**” en Google Play ou App Store e rexistrarse. **ARUME** usará a información respectando sempre o marco legal da Lei Orgánica de Protección de Datos e do Regulamento Xeral de Protección de Datos Vixente. Tamén se pode acceder a través da páxina web de ARUME <https://arumeservicios.com/educacion/?lang=ga> seleccionando “ACCEDE AO NOSO PORTAL DE EDUCACIÓN”

Se xa sodes usuarios dos servizos de ARUME debéstedes de recibir un email e SMS cunha ligazón para realizar a renovación automática. Se non é así, ou tedes dúbidas, estamos á vosa disposición para axudar.

Se non sodes usuarios dos servizos de ARUME, para rexistrarvos a primeira vez, é necesario acceder ao apartado *Darse de alta* e facer clic no botón *Rexistro*. Unha vez alí, hai que introducir o DNI ou NIE do titor e utilizar o **código do centro que vos facilitamos nesta carta (Nota: o 6º dígito do código é un “cero”, non a letra “O”).**

### **SELECCIONAR CENTRO**

O resto do proceso consistirá en introducir os datos de usuario da app e do servizo desexado.

### **-As modalidades de contratación son:**

**1.Fixo:** servizo días fixos da semana. Deberedes seleccionar na aplicación os días da semana que necesitates o servizo antes do 25 de cada mes, facéndose efectiva para o mes seguinte. O recibo pasarase entre o 15 e 20 do mes de servizo e as mensualidades serán sempre do mesmo importe, según a táboa de prezos especificada máis adiante, e calculadas a partir do nº de días lectivos do curso, dividido entre os 10 meses de servizo.

**2.Calendario de días ou Turno laboral:** se necesitates servizo uns días sen periodicidade semanal (días de calendario) e o sabedes con antelación. Deberedes marcar, antes do día 25 de cada mes, os días nos que necesitaredes o servizo durante o mes seguinte. Cobraranse entre o 15 e 20 do mes de servizo polos días contratados.

**3.Esporádico:** Se necesitates o servizo días soltos sen posibilidade de planificar. Debedes avisarnos o día anterior como moi tarde por teléfono ou email. Cobraranse os días que correspondan ao mes seguinte do servizo ao prezo esporádico.



### -Prezos:

Os prezos dos servizos de Comedor e Madruga son os que detallamos de seguido. **Este curso só podemos especificar os prezos “Sen subvención”** debido a que neste momento aínda no se pechou o convenio entre a FANPA e o Concello para o vindeiro curso. **Estes prezos poderán modificarse á baixa según o convenio que se acorde.**

### PREZOS\* DE MADRUGA E COMEDOR ESCOLAR CURSO 2019-2020

<b>*AS MENSUALIDADES SON SEN SUBVENCIÓN E, COMO TÓDOLOS ANOS, PODERÁN MODIFICARSE Á BAIXA SEGÚN CONVENIO DE SUBVENCIÓN DO CONCELLO COA FANPA</b>					
COMIDAS (1)		MADRUGA CON ALMORZO (1)		MADRUGA SEN ALMORZO (1)	
5 días /sem	82,60 € /mes	5 días /sem	51,92 € /mes	5 días /sem	38,15 € /mes
4 días /sem	66,08 € /mes	4 días /sem	41,54 € /mes	4 días /sem	30,52 € /mes
3 días /sem	49,56 € /mes	3 días /sem	31,15 € /mes	3 días /sem	22,89 € /mes
2 días /sem	33,04 € /mes	2 días /sem	20,77 € /mes	2 días /sem	15,26 € /mes
1 día/sem	16,52 € /mes	1 día/sem	10,38 € /mes	1 día/sem	7,63 € /mes

**Calendario de días (2):** cobrarase por días programados de asistencia en tódolos servizos

Descontos aplicables: **Segundo irmán (ambos usuarios):** 5% dto. no serv. comedor do máis novo  
**Familia numerosa (3 usuarios):** 10% dto. no serv. comedor dos 3 irmáns

<b>Esporádicos (3)</b>	6,40 € /día	<b>Esporádicos (3)</b>	4,05 € /día	<b>Esporádicos (3)</b>	3,20 € /día
------------------------	-------------	------------------------	-------------	------------------------	-------------

Tódolos prezos son IVE incluído

### -Comunicacións:

A APP de Arume, estando disponible 24h/24h, será a vía máis cómoda de comunicación, pero en todo caso, ARUME mantén á disposición dos usuarios o teléfono 607 634 413 e o email [info@arumeservicios.gal](mailto:info@arumeservicios.gal). O horario de atención é **de luns a xoves de 9.30h a 14.00h e de 15.00h a 18.00h, os venres só en horario de mañá.** No verán (**do 01/07 ao 31/08**) só en horario de mañá.

Tamén vos informamos de que ARUME non tén ningunha competencia na asignación e/ou obtención de bolsas, e de que non se pode facer descontos nos recibos mensuais por días de ausencia, salvo que sexan por enfermidade superior a 4 días consecutivos, teñan avisado das ausencias e se aporte un xustificante médico.

En caso de que para algún titor/a sexa imposible o rexistro vía APP, deberá poñerse en contacto con nós para que lle facilitemos una ficha de inscrición en papel. O prazo máximo de contratación para comezar en setembro como usuario dalgún dos servizos é o 31/08/2019

Se tedes calquera dúbida ou consulta sobre o funcionamento da APP estamos á vosa disposición para atendervos no noso teléfono de atención ás familias: 607 63 44 13, ou tamén por correo electrónico en: [sopORTEAPP@colechef.com](mailto:sopORTEAPP@colechef.com)

**Moitas grazas pola vosa confianza**

**Vémonos na APP COLECHEF**

